



Guía Docente				
Datos Identificativos				2024/25
Asignatura (*)	Dereito e biomedicina		Código	612G01040
Titulación	Grao en Dereito			
Descriptores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
1º e 2º Ciclo	2º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	4.5
Idioma	CastelánInglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Dereito Privado			
Coordinación	Seoane Rodriguez, Jose Antonio		Correo electrónico	jose.antonio.seoane@udc.es
Profesorado	Pereira Saez, Maria Carolina Seoane Rodriguez, Jose Antonio		Correo electrónico	c.pereira.saez@udc.es jose.antonio.seoane@udc.es
Web	http://filosofiaderechocoruna.es/			
Descripción xeral	<p>Dereito e biomedicina examina as respostas xurídicas ás cuestións relativas á vida e a saúde, dous valores individuais e sociais moi aprezados e relacionados con outros valores como a dignidade, a liberdade, a igualdade, a integridade ou a intimidade.</p> <p>Mediante o estudo das fontes normativas e bibliográficas, a análise de casos, sesións magistrais e seminarios, os estudiantes coñecerán polo miúdo como protexe o Dereito os valores indicados e como responde ás novedades biomédicas e biotecnolóxicas, prestando especial atención á perspectiva dos dereitos humanos e ás resolucións dos Tribunais Constitucionais e mais ao Tribunal Europeo de Dereitos Humanos e o Tribunal de Xustiza da Unión Europea.</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A2	Coñecer a función do Dereito como sistema regulador das relacións sociais.
A3	Percepción do carácter sistemático do ordenamento xurídico.
A4	Percepción do carácter interdisciplinar dos problemas xurídicos.
A5	Coñecemento dos principios e valores constitucionais.
A8	Coñecimentos básicos de argumentación xurídica.
A9	Capacidade para o manexo de fontes xurídicas (legais, xurisprudenciais e doutrinais).
A10	Capacidade de interpretar e analizar críticamente o ordenamento xurídico.
A15	Capacidade de negociación e mediación.
B2	Que os estudiantes saibam aplicar os seus coñecimentos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudio
B3	Que os estudiantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudio) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
B5	Que os estudiantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía
B7	Resolver problemas de forma efectiva, valorando a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
B8	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo, entendendo, tamén, a importancia da cultura emprendedora.
B10	Traballar de forma colaborativa.
B11	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrentarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.



C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
----	---

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Adquirir coñecementos e habilidades para identificar, comprender e avaliar a dimensión xurídica da biomedicina e das profesións sanitarias		A3 A4 A5 A8 A9	B8 B11 B3 B5 C1 C4 C6 C7 C8
Adquirir coñecementos e habilidades para interpretar e resolver os problemas xurídicos que prantexan a biomedicina e as profesións sanitarias		A2 A3 A4 A5 A8 A9 A10 A15	B7 B8 B11 B2 B3 B5 C1 C4 C6 C7 C8
Adquirir habilidades argumentativas para intervir nos procesos de toma de decisións no ámbito biomédico e asesorar aos profesionais sanitarios		A4 A5 A8 A9 A10 A15	B7 B8 B10 B11 B2 B3 C1 C4 C6 C8 B5

Contidos	
Temas	Subtemas
Sección I. Saúde e xustiza	1. O concepto de saúde 2. O dereito á saúde 3. Sistemas de protección da saúde 4. Xustiza e saúde
Sección II. Toma de decisións biomédicas e autonomía do paciente	1. Modelos de relación clínica 2. As autonomías do paciente. Concepto e límites 3. Autonomía decisoria 4. Autonomía informativa 5. Autonomía funcional
Sección III. O comezo da vida	1. O estatuto do embrión humano 2. A interrupción voluntaria do embarazo (IVE) 3. Reproducción humana asistida 4. Maternidade subrogada 5. Existe undereito a non ter nacido?
Sección IV. O final da vida	1. O final da vida. Conceptos. Escenarios 2. Eutanasia e suicidio asistido 3. O significado xurídico da morte. Existe undereito a morrer? 4. A extracción e o transplante de órganos e tecidos



Sección V. Investigación biomédica	1. Investigación con seres humanos, as súas mostras biolóxicas e os seus datos persoais 2. Investigación con animais 3. Investigación con axentes biolóxicos e organismos modificados xeneticamente (OMX)
------------------------------------	---

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Estudo de casos	A2 A3 A4 A5 A8 A9 A10 A15 B8 B10 B11 B2 B3 B5 C1 C4 C6	6	12	18
Proba de resposta múltiple	A2 A3 A4 A5 A8 A9 A10 B7 B8 B3 C1	1.5	6	7.5
Sesión maxistral	A2 A3 A4 A5 A8 A9 A10 B8 C6 C8	12	24	36
Obradoiro	A3 A4 A5 A8 A9 A10 A15 B7 B8 B10 B11 B2 B3 B5 C1 C4 C6 C7 C8	4	12	16
Análise de fontes documentais	A3 A4 A5 A8 A9 A10 B7 B8 B10 B3 B5 C1 C6 C8	10	20	30
Atención personalizada		5	0	5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descripción
Estudo de casos	Análise de supostos paradigmáticos que presentan as relacíons entre o Dereito e a biomedicina, e que en ocasións prantexan problemas e/ou solucións diferentes ás tradicionais. O estudiante debe aprender a identificar e analizar as cuestións xurídicas implicadas, deliberar sobre elas e chegar a unha conclusión empregando argumentos xurídicos. O estudio de casos permite desenvolver as habilidades argumentativas e aplicar os coñecementos a situacións concretas. Se prestará especial atención aos casos analizados nas sentenzas biomédicas/ bioéticas/ bioxurídicas do Tribunal Constitucional español e o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, completándoo con resolucións do Tribunal Supremo español e doutros órganos xurisdicionais internacionais
Proba de resposta múltiple	É o método empregado para avaliar a aprendizaxe dos coñecementos teóricos doutrinais (fontes bibliográficas) e normativos (fontes lexislativas e xurisprudenciais)
Sesión maxistral	Mediante a exposición oral o profesor procura transmitir a singularidade da linguaxe, os conceptos e o significado das normas xurídicas biomédicas, outorgando preferencia a un enfoque baseado nos dereitos humanos/fundamentais. Así mesmo, comenta os aspectos más sobranceiros do temario e das fontes documentais manexadas.
Obradoiro	Este método, baixo a tutela do profesor, permite o estudo de temas monográficos con maior profundidade e detalle, combinando varias metodoloxías (análise de fontes documentais, especialmente lexislativas e xurisprudenciais; estudo de casos,...). O estudiante participa dun xeito máis activo, poñendo en práctica os seus coñecementos e as súas habilidades argumentativas, orais e escritas.



Análise de fontes documentais	Parte importante da resposta xurídica á biomedicina está contida na lexislación (internacional, comunitaria europea, estatal e autonómica) e xurisprudencia (en especial do Tribunal Constitucional español e o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos). A leitura, comprensión e avaliación crítica destes textos normativos é unha vía importante para o desenvolvemento da materia e para a comprensión histórica e sistemática das relacións entre biomedicina e Dereito. O carácter básico da análise das fontes documentais, bibliográficas e normativas, se manifesta na súa presenza e influencia no desenvolvemento das restantes metodoloxías.
-------------------------------	--

Atención personalizada

Metodoloxías	Descripción
Análise de fontes documentais	Guía e asesoramento na selección e análise das fontes bibliográficas e normativas
Obradoiro	Guía e asesoramento na selección dos temas dos obradoiros e nos procesos argumentativos e deliberativos sobre os textos normativos e os casos. Estudantado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa de asistencia ás aulas. Seguemento a través das titorías do profesorado.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descripción	Cualificación
Análise de fontes documentais	A3 A4 A5 A8 A9 A10 B7 B8 B10 B3 B5 C1 C6 C8	Avaliación da capacidade de selección, interpretación, exposición e análise, escrita e oral, das fontes documentais (bibliográficas e, especialmente, normativas -lexislativas e xurisprudenciais-)	20
Proba de resposta múltiple	A2 A3 A4 A5 A8 A9 A10 B7 B8 B3 C1	Examen tipo test. Avaliación dos coñecementos impartidos nas sesións maxistrais e os extraídos da análise das fontes documentais.	50
Obradoiro	A3 A4 A5 A8 A9 A10 A15 B7 B8 B10 B11 B2 B3 B5 C1 C4 C6 C7 C8	Avaliación da capacidade de selección, interpretación, exposición e análise dos temas da materia e das fontes bibliográficas e normativas (lexislativas e xurisprudenciais). Avaliación das habilidades argumentativas, especialmente orais, e da participación nas deliberacións nas sesións presenciais.	30

Observacións avaliación

1. Avaliación da segunda oportunidade

O/a estudiante poderá conservar a cualificación obtida nos obradoiros, a análise de fontes documentais e a proba de resposta múltiple se é igual o superior ao aprobado en cada unha das partes. No caso de suspenso dos obradoiros, poderá acollerse á modalidade prevista para o estudantado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa de asistencia ás aulas. 2. Plaxio ou fraude académica

O plaxio nun traballo ou a copia terán as consecuencias previstas pola normativa xeral da Universidade.

3. Criterios de avaliação do estudantado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa de asistencia ás aulas.

A proba de resposta múltiple (40%) realizarase nas mesmas condicións que as do resto do estudantado.

A avaliação dos obradoiros e da análise de fontes documentais consistirá na entrega de comentarios escritos das fontes normativas ou bibliográficas e un breve comentario oral perante o profesor antes da data fixada para o exame (proba de resposta múltiple).

En xeral, todos os asuntos relacionados coa dispensa académica, dedicación ao estudo, permanencia e fraude académica rexeranse pola normativa académica vixente da Universidade da Coruña (<https://www.udc.es/gl/normativa/academica/>).

Fontes de información



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- Roberto Andorno (2012). Bioética y dignidad de la persona. Madrid: Alianza- Roberto Andorno (2013). Principles of international biolaw. Bruxelles: Bruylants- Jonathan Herring (2010). Medical law and ethics. Oxford: OUP- Andrés Ollero (2006). Bioderecho: entre la vida y la muerte. Cizur Menor (Navarra): Thomson-Aranzadi- Andelka M Phillips et al. (ed.) (2019). Philosophical Foundations of Medical Law. Oxford: OUP- Carlos María Romeo Casabona (dir.) (2011). Enciclopedia de Bioderecho y Bioética. Granada: Comares; Deusto: Cátedra Interuniversitaria Fundación BBVA-Diputación Foral de Bizkaia de D- Javier Sánchez-Caro, Fernando Abellán (2003). Derechos y deberes de los pacientes (Ley 41/2002, de 14 de noviembre). Granada: Comares- Gostin, Lawrence O. (2014). Global health law. Harvard University Press
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Teoría e práctica da argumentación xurídica/612G01041

Materias que continúan o temario

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías